



ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27 de abril de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de marzo de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2017.
3. Toma de coñecemento dos informes de morosidade previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro (1º trimestre 2017).
4. Toma de coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio económico de 2016.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Deixar sen efecto, se procede, o expediente de baixa de saldos de exercicios pechados por anulación de obrigas recoñecidas pendentes de pago nº 2/MSI/2016 (Luz Salgada).
7. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia da Concelleira de Urbanismo (Dona Paola María Mochales), formulada polo grupo político municipal de EU.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU, en defensa do sistema público de pensións.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU para a elaboración dunha carta de servizos no Concello de Vilagarcía de Arousa.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE sobre ampliación edificios xulgados e creación do 4º Xulgado en Vilagarcía de Arousa.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG pola biodiversidade fronte á eucaliptización.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa ao superávit dos Concellos.
13. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
14. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
15. Rogos e preguntas.
16. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.



1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE MARZO DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 30 de marzo de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2017: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRIPCIÓN
1	Recoñecemento de obrigas
1	Anulación liquidación “dereitos de exame”
8	Concesión/Denegación compensación de débitos e/ou créditos

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE MARZO 2017:

Nº	DESCRIPCIÓN
9	Iniciación de procedemento sancionador por infraccións de horario de peche de locais
1	Orde concesión prazo para limpeza de finca
1	Arquivo de expediente de reposición de legalidade urbanística
2	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Orde concesión de prazo para valado provisional de solar
4	Orde concesión prazo para solicitude licenza municipal para legalización de obras
1	Concesión de licenza para tala de árbores
8	Concesión de licenza municipal para obras de canalización
21	Aceptación de comunicación previa e documentación para realización de obras
20	Aceptación de comunicación previa e documentación inicio e desenvolvemento de actividade
1	Declaración de ineficacia de comunicación previa e documentación para realización de obras
2	Concesión de licenza municipal de obra menor
2	Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometida e conexión redes de auga e/ou saneamento
2	Concesión de legalización de obras
4	Concesión de desestamento da solicitude de licenza de obras
9	Concesión de licenza para instalación de terraza vincalada a establecemento de hostalería
1	Concesión de prórroga de seis meses para inicio de obras
1	Conformidade a proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar
1	Aceptación de renuncia a comunicación de apertura de establecemento
7	Constitución de tribunais para procesos selectivos
3	Modificación Tribunais para procesos selectivos
1	Dar conta a Coordinadora SPAD modificación xornada de funcionaria interina
2	Concesión de gratificación por substitución e traballo de categoría superior
1	Bases xerais para selección de traballadores/as desempregados/as do Programa Provincial de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2017
1	Aprobación lista de aspirantes admitidos/excluídos selección auxiliares de Policía Local 2017
1	Aprobación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos selección auxiliares de Policía Local 2017



- 1 Nomeamento funcionaria interina a tempo parcial
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Realización trámite de audiencia a empregado municipal por ausencias non xustificadas ao traballo
- 1 Aprobación de gasto aportación ao Plan de Pensiões do mes de febreiro
- 6 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 8 Inscripción de can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
- 3 Deixar sen efecto resolución orde clausura de actividade
- 6 Orde de pago de facturas
- 1 Requirimento concesión prazo para completar garantía licenza obras
- 1 Acordar devolución ingreso excesivo.
- 8 Concesión/denegación fraccionamento de débedas
- 12 Concesión/Denegación compensación de débitos e/ou créditos
- 5 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedementos xudiciais
- 6 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Aprobación de expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes
- 1 Recoñecemento de obrigas e orde pago amortizacións ordinarias préstamos
- 4 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 1 Concesión de prórroga para execución de obra "Mellora capa de rodadura na Rúa Valle Inclán"
- 1 Inscripción de Asociación no Rexistro Municipal de Asociacións
- 1 Comunicar a Xulgado do Mercantil nº 2 de A Coruña créditos prexudicados coa Facenda Municipal.

TOTAL: 179

O Concello Pleno queda sabedor.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES DE MOROSIDADE PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACION DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO (1º TRIMESTRE 2017): Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2016, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.491.891,78	864.295,15
Investimentos reais	236.892,48	222.716,43
Outros pagos realizados por operacións comerciais	3.404,110	29.723,99
Sen desagregar	0,00	0,00
TOTAL	1.732.188,37	1.116.735,57

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
--	---------------------------------	-------------------------------



Gastos en bens correntes e servizos	1.109.358,51	90.568,54
Investimentos reais	365.450,73	52.742,08
Outros pagos realizados por operacións comerciais	17.379,58	4.837,78
Pendientes de aplicar a Orzamento	368.917,51	0
TOTAL	1.861.106,33	148.148,40

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00 €.
Período medio de pago: 70,66 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	112.155,05	519,02
Investimentos reais	25.596,22	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Sen desagregar	0,00	0,00
TOTAL	137.751,27	519,02

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	21.463,07	6.846,74
Investimentos reais	932,91	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar ao orzamento	6.497,70	0,00
TOTAL	28.893,68	6.846,74

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre da FPSDM con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00
Período medio de pago: 40,92 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

4. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2016.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

Vistos os Informes da Intervención municipal, **Ref CV-23/2017** e **CV 24/2017** de datas 28 de febreiro de 2017, referidos á liquidación dos orzamentos municipais para o exercicio 2016, así como da Intervención delegada da Fundación de Deportes, onde se verifican respectivamente o cumprimento dos obxectivos fiscais de regra do gasto, estabilidade orzamentaria e volume de endebedamento.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:



PRIMEIRO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ó exercicio económico de 2016, segundo o seguinte detallado:

Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	29.931.998,97
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	27.991.869,41
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.940.129,56
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	83.540,36
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	680.437,19
Total dereitos recoñecidos	30.695.976,52
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	23.597.179,43
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	21.609.399,26
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.987.780,17
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	83.540,36
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	3.160.166,20
Total obrigas recoñecidas	26.840.885,99
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	3.855.090,53
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.064.314,24
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	2.161.319,91
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.076.325,24
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	4.004.399,44

Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	5.657.689,31
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	11.175.108,81
2.a. Do orzamento corrente	2.611.871,97



2.b De orzamentos pechado	8.906.262,14
2.c De operacións non orzamentarias	15.210,79
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	358.236,09
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	4.713.451,30
3.a. Do orzamento corrente	3.060.234,86
3.b. De orzamentos pechados	544.967,23
3.c. De operacións non orzamentarias	1.121.967,71
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	13.718,50
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	12.119.346,82
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	5.830.814,51
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	2.239.184,29
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	4.049.348,02

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ó exercicio económico de 2016, aprobada e proposta polo seu Presidente, segundo o seguinte detallado:

Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.040.866,67
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.040.866,67
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	0,00
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	1.040.866,67
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.037.958,14
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.012.361,92
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	25.596,22
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	1.037.958,14
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	2.908,53
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.908,53



Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	57.959,75
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	320.570,26
2.a. Do orzamento corrente	299.100,09
2.b De orzamentos pechado	21.470,17
2.c De operacións non orzamentarias	0,00
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	153.500,22
3.a. Do orzamento corrente	138.820,82
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14
3.c. De operacións non orzamentarias	12.153,26
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	225.029,79
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	-16.734,06
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	208.295,73

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

Vilagarcía de Arousa, 28 de febreiro de 2017.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

5. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Figura presentada a seguinte solicitude de intervención en relación coa moción do grupo político do BNG pola biodiversidade e fronte á eucaliptización.

- D. Xesús Rodríguez Castro en representación dos colectivos e asociacións seguintes: Colectivo pola defensa do patrimonio A Forneiriña, Colectivo pola defensa do territorio A Nova Terra, Asociación Irmandade Illa de Tambo e Asociación Umia vivo.

A seguir polo Sr. Alcalde procedese a alterar a Orde do Día pasando a tratar o asunto que figura co nº 11 da mesma.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG POLA BIODIVERSIDADE FRONTE Á EUCALIPTIZACIÓN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 19 de abril de 2017, do seguinte teor:

MOCION POLA BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPTIZACIÓN

De acordo e ao amparo do previsto no art. 46 da lei 7/85 de 2 de abril, regulado das Bases de Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal do BNG somete a consideración do pleno da corporación a seguinte moción POLA BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPTIZACIÓN
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto entra en vigor o Catálogo Español de Especies Exóticas e Invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por esas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da Biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento 2016/1141 sobre especies exóticas e invasoras.

Dende os anos 60, Galiza, Asturias, norte e centro de Portugal e sur-oeste de Andalucía foron territorios repoboados coa especie exótica eucalipto, para abastecer as fábricas de pasta de papel con esta madeira. O que nun principio pareceu que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 ha do ano 1973, segundo o primeiro inventario forestal do estado (IFN), en 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 500.000 ha entre masas puras e mixtas (con outras especies), o que representa practicamente a quinta parte do monte galego. E dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300% en 43 anos.

Dito incremento asóciase a varias causas. Aparte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas dende a administración como único cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara a terras abandonadas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais, cando se dan as mellores condicións de propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas (poden chegar a máis dun km, cos conseguintes riscos para a poboación do entorno)

Nos últimos 40 anos, a superficie invadida pola semente de eucalipto só a consecuencia dos lumes forestais estímase en máis de 25.000 ha, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais das follas, que forman ao caer unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga chegando a percorrer máis de 50 m en eucaliptos de 25 m de altura, penetrando en depósitos e mananciais, e creando unha maraña superficial que impide a filtración das augas cara aos acuíferos.

Dende o punto de vista económico, cómpre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron dos tres aproveitamentos (tres cortas), pola perda de rendibilidade para o propietario quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrochos de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico que fican nese estado ata que volven ser pasto do lume,



incrementado a superficie de áreas degradadas. Na actualidade, aproximadamente 175.000 ha con eucaliptos están nesta situación.

O Plan Forestal de Galiza de 1992, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego para un período de 40 anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto, resultou un auténtico fracaso. Partía das referencias do Inventario Forestal Nacional (IFN) do ano 1986, onde os eucaliptais ocupaban 220.000 ha (a proliferación xa era notoria dende o inventario anterior). Analizando a secuencia evolutiva dos eucaliptais entre masas puras e mixtas na Galiza:

1973: I Inventario Forestal Nacional: 131.800 hectáreas.

1986: II Inventario Forestal Nacional: 220.000 hectáreas.

1998: III Inventario Forestal Nacional: 350.000 hectáreas.

2016: Máis de 400.000 ha.

Evidénciase que no período de control previsto no Plan Forestal de Galiza, só entre 1992 (ano da súa publicación) e 1998, a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excédense as previsións totais do plan de 40 anos.

Asemade, a proliferación do eucalipto ven acompañada de pragas e enfermidades, (algunhas foráneas, que chegaron coa importación de madeira desa especie), insectos como a *Phoracantha semipunctata*, o *Gonipterus scutellatus* (gorgullo do eucalipto) e fungos. Isto leva aos produtores e ás empresas pasteuras a aplicar insecticidas e funxicidas de forma extensiva e intensiva, con grande contestación social por empregar glifosato (de efectos nocivos para a saúde animal) para diminuír a carga do sotobosque, flufenoxurón (co nome comercial de “Cascade”, altamente perigoso) para combater o gorgullo, e a loita biolóxica coa solta de avispiñas *Anaphens nitens*, insecto foráneo.

A FAO tense pronunciado sobre as plantacións de eucaliptais novos (12-15 anos), que son os que chegan á quenda de corta ideal das fábricas de pasta de papel. Segundo a FAO, estas especies de medra rápida “non regulan tan ben o caudal hídrico coma os bosques naturais, as fortes e longas raíces superficiais fan que compitan coa vexetación rasante e cos cultivos veciños cando a auga escasea. Os eucaliptos non dan bos resultados para conter a erosión en condicións de seca, rematan coa vexetación rasante absorbendo a auga coas súas raíces. A tala continuada de eucaliptos a matarrasa (único método de tala utilizado), orixina un rápido esgotamento dos nutrientes do solo e impide o desenvolvemento de prantas-herbas de ciclo anual. Os eucaliptos desprazan os ecosistemas anteriores, apenas se constata a existencia de fauna, e reducen a biodiversidade”.

Se analizamos a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe, Florencia 2000, que entrou en vigor no Estado en 2008, adaptado na Galiza coa Lei 07/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, e a Directiva Europea 2014/52/UE que avalía os proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, sendo de aplicación as repoboacións e intervencións nos montes, pode comprobarse que as administracións responsables fan caso omiso das recomendacións. É evidente o impacto que as repoboacións con eucaliptos e o seu espallamento tiveron, teñen e terán sobre o territorio galego de non modificarse as condicións actuais, nas que se ignoran os aspectos recollidos nas directivas europeas e na lexislación estatal e autonómica en materia de protección da paisaxe, e que dan como resultado centos de hectáreas continuadas, moitas delas afectadas por pragas, producindo anormalidades ambientais como a diminución dos caudais de pozos e mananciais, solos sen biodiversidade, carencia de fauna, contaminación por tratamentos químicos, etc.

Polo tanto, existen motivacións suficientes para que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño proceda á inclusión do eucalipto como especie exótica e invasora no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras e do Estado Español. Ademais, propónse a adopción das medidas inmediatas URXENTES que se enumeran a continuación, mentres non se elabore unha nova normativa reguladora que as inclúa na Lei de Montes.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a declaración do Concello de Vilagarcía de Arousa: “Menos eucalipto e máis biodiversidade” nos seguintes termos: Co fin de frear o esgotamento e desertización do solo e a



ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de Vilagarcía declárase a prol da biodiversidade, do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra, promocionando a progresiva eliminación das especies invasoras como a do eucalipto e a reforestación do seu chan con especies autóctonas e que favorezan a biodiversidade e medioambiente.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras de Galiza e do estado español.

Terceiro.- Solicitar da Xunta de Galiza a elaboración dun Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras propia que inclúa esta especie.

Cuarto.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa específica para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante:

a) Paralización de novas plantacións de eucalipto

b) Aplicación efectiva da normativa existente por parte da Xunta e do Estado

c) Atención e aplicacións de medidas que tamén veñen sendo reclamadas neste tema polos colectivos ecologistas de Galiza, entre eles, os organizados na iniciativa “Cousa de Raíces”. Medidas que, entre outras, pasarían por:

- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).

- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.

- Eliminación desta especie nun radio de 100 metros dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.

- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.

- Separación de 200 metros de calquera ben inmovible, dos pastos e das zonas agrarias.

d) Reforestación con especies autóctonas e que favorezan a biodiversidade, o medioambiente e o desenrolo sostible dos nosos montes.

e) Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

Qinto.- Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.

Vilagarcía de Arousa, a 12 de abril de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG pola biodiversidade fronte á eucaliptización.

- Intervén o Sr. Rodríguez Castro e fala en representación de dous colectivos (Colectivo pola defensa do patrimonio A Forneiriña e Colectivo pola defensa do territorio a Nova Terra) e dúas asociacións (Asociación Irmandade Illa de Tambo e Asociación Umia Vivo), e reivindica menos eucalipto e mais biodiversidade.

- Intervén o Sr. Ríos González agradecendo aos colectivos esta moción e ao Sr. Rodríguez Castro que representa aos colectivos e a defenden. A expansión do eucalipto fai necesaria a reacción da Administración para evitar a eucaliptización. Iso so favorece ás celulosas que engordan os seus beneficios.

Débense tomar medidas polos responsables da Xunta de Galicia e o Estado fronte ao monocultivo do eucalipto.

Reitera as medidas que se propoñen na moción.

- Intervén o Sr. González Somoza felicitando ao representante que falou hoxe Xesús Rodríguez Castro, pois, coñece o tema e o impacto nos montes. Os datos do texto da moción poñen de relieve o perigo da especie invasora e pide a repoboación con especies autóctonas.

Vai votar a favor da moción.

- Intervén o Sr. López Rodríguez agradecendo a explicación do Sr. Rodríguez Castro e ten razón nos seus argumentos. Os eucaliptos están estendidos e agradece a intervención e solicita que o Concello se poña de lado da moción.

- Intervén o Sr. Fole Díaz agradecendo a presenza do representante dos colectivos. Di que se están dando paso pola Xunta de Galicia neste sentido. Non debe prohibirse dun modo xeral, senón de racionalizar a súa presenza. As empresas dan traballo a moita xente. A Xunta de Galicia vai a regular esta especie e moitas mais. Hai moitas familias que teñen ingresos do cultivo dos eucaliptos, máis de 150.000.000 € que ao final repercuten en Comunidades de Montes, etc.

Coas iniciativas da Xunta de Galicia no Consello Forestal non debería formularse a prohibición total, senón a racionalización para o crecemento e sostibilidade dos montes.

O PP non vai apoiar a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín agradecendo a intervención ao voceiro do colectivo e dos colectivos naturalistas, e tamén dos que protexen aos animais que se encontran presentes hoxe no Salón de Plenos.

O eucalipto é unha especie invasora, cando hai lume estenden os incendios, os montes están estragados.

O PSOE apoia esta iniciativa.

O Grupo de Goberno actúa nos Petroglifos dos Ballotes e actuarán máis adiante nos Petroglifos de Xiabre.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que a Xunta de Galicia permite a plantación de eucalipto en superficies agrarias. Os beneficios económicos van aos Consellos de Administración das celulosas onde terán compañeiros do PP, defende os seus que participan en Consellos Económicos e Empresas.

Danlle prórrogas á celulosa o goberno do PP en contra da cidadanía. O eucalipto ten unhas consecuencias catastróficas para o medio ambiente.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que o Sr. Fole defende as medidas da Xunta de Galicia pero son insuficientes, cada vez hai máis eucalipto. Está a favor da moción. Non pode ser pan para hoxe e fame para mañá.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que se estivera no Pleno o Comité de Empresa de Celulosa a posición dos que apoian a moción pode que fose diferente, e se estiveran as Comisións de Montes igual. Se van á afección de compañeiro, el como Voceiro do PP ten compañeiros no BNG, CIG, pero non nos Consellos de Administración das grandes empresas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:



VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

Primeiro.- Aprobar a declaración do Concello de Vilagarcía de Arousa: “Menos eucalipto e máis biodiversidade” nos seguintes termos: Co fin de frear o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de Vilagarcía declárase a prol da biodiversidade, do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra, promocionando a progresiva eliminación das especies invasoras como a do eucalipto e a reforestación do seu chan con especies autóctonas e que favorezan a biodiversidade e medioambiente.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras de Galiza e do estado español.

Terceiro.- Solicitar da Xunta de Galiza a elaboración dun Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras propia que inclúa esta especie.

Cuarto.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa específica para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante:

a) Paralización de novas plantacións de eucalipto

b) Aplicación efectiva da normativa existente por parte da Xunta e do Estado

c) Atención e aplicacións de medidas que tamén veñen sendo reclamadas neste tema polos colectivos ecologistas de Galiza, entre eles, os organizados na iniciativa “Cousa de Raíces”. Medidas que, entre outras, pasarían por:

- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).

- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o I Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.

- Eliminación desta especie nun radio de 100 metros dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.

- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.

- Separación de 200 metros de calquera ben inmovible, dos pastos e das zonas agrarias.

d) Reforestación con especies autóctonas e que favorezan a biodiversidade, o medioambiente e o desenvolvemento sostible dos nosos montes.

e) Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

Qinto.- Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.

6. DEIXAR SEN EFECTO, SE PROCEDE, O EXPEDIENTE DE BAIXA DE SALDOS DE EJERCICIOS PECHADOS POR ANULACIÓN DE OBRIGAS RECOÑECIDAS PENDENTES DE PAGO Nº 2/MSI/2016 (LUZ SALGADA): Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:



Vista a resolución ditada pola Axencia de Turismo de Galicia en data 27 de marzo de correntes con nº de rexistro de entrada neste Concello 2017/3890, dentro do procedemento de revogación da autorización e reintegro relativo á concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa dun préstamo con cargo aos fondos FOMIT, así como a reclamación dos xuros legais correspondentes.

Visto que no apartado 2º da parte resoluitiva de dita resolución se acorda esixir ao Concello de Vilagarcía de Arousa o pago do xuro legal do diñeiro correspondente á contía de 1.557.529,16€ (capital non executado menos o correspondente á modificación solicitada polo Concello 2.500.000,00€), dende o momento da subscripción do préstamo, 01/06/2006, ata o momento do reintegro polo Concello da totalidade do capital reclamado, 0 20/02/0015, que ascende a **465.232,36€**.

Visto que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26 de novembro de 2016, aprobou inicialmente o expediente de de baixa de saldos de exercicios pechados por anulación de obrigas recoñecidas pendentes de pago Nº 02/MSI/2016, (BOP Nº 233 de 07/12/2016), co seguinte detalle:

Nº Operación	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre	Saldo Real
220140017649	2014 453 22699	101.408,99	CAIXABANK, S.A.	XUROS DE DEMORA EXERCICIO CORRENTE REINTEGRO LUZ SALGADA.	101.408,99
220140017671	2014 453 2269977	454.068,76	CAIXABANK, S.A.	XUROS DEMORA PRÉSTAMO LUZ SALGADA DO 01/01/10 A 31/12/13, RESOLUCIÓN 18/03/2013.	431.014,08
	TOTAL	555.477,75			532.423,07

Tendo en conta que para o cumprimento do apartado 2º da referida resolución deberá procederse ao pago da contía reclamada, **465.232,36€**, con cargo ás obrigas xa recoñecidas incursas no referido expediente de baixa de saldos de exercicios pechados por anulación de obrigas recoñecidas pendentes de pago Nº 02/MSI/2016, e que polo tanto non debe procederse a súa baixa por anulación.

En consecuencia, e co fin de que o citado expediente non sexa considerado aprobado definitivamente por ter transcorrido o prazo de exposición ao público sen terse presentado alegacións, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación de data 24 de novembro de 2016 de aprobación inicial do expediente de modificación de saldos iniciais de obrigas pendentes de pago de exercicios pechados **Nº 02/MSI/2016**, polos importes, para as contas e para os terceiros que de seguido se relacionan polo importe global de **532.423,07€**:

Asento	Aplicación presupostaria	Descripción	Importe/€	PGCP
01_2016	453-22699	XUROS DE DEMORA EXERCICIO CORRENTE REINTEGRO LUZ SALGADA.	101.408,99	4010
01_2016	453-2269977	XUROS DEMORA PRÉSTAMO LUZ SALGADA DO 01/01/10 A 31/12/13, RESOLUCIÓN 18/03/2013.	431.014,08	4010
	TOTAL		532.423,07	

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente o presente acordo mediante o seu anuncio no BOP.

Vilagarcía de Arousa, 19 de abril de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela Paz



Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación de data 24 de novembro de 2016 de aprobación inicial do expediente de modificación de saldos iniciais de obrigas pendentes de pago de exercicios pechados **Nº 02/MSI/2016**

- Intervén a Sra. Abalo Pérez dando lectura á proposta da Alcaldía, na que se sinala que os xuros de Luz Salgada reclamados na actualidade ascenden a 465.232,36 € e polo tanto se deixa sen efecto o expediente de baixa de saldos por importe de 532.423,07 €.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que se vai abster. Débense corrixir erros pasados.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG non se vai opoñer. Agardan que estas decisións políticas se corrixan e se tome nota. Hai prioridades e haberá que ter en conta as necesidades sociais da cidadanía.

Votarán a favor.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que é un episodio máis de Luz Salgada. En novembro se liberaron de Luz Salgada e agora non sabe que pensar, é un episodio máis.

Aquí retrocédese e non se recuperan os cartos.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que non dubidaría que isto é unha parte do culebrón e pode que non quede aquí, oxalá sexa o peche. Ante unha nefasta xestión política dos gobernos socialistas, agora hai unha parte técnica e outra política. A xestión política actual non se apoia. Se presupostou no seu momento e con liquidez para reintegrar o préstamos. ¿Que máis queren? E menor a cantidade que agora se vai pagar de 465.000 € que o expediente de baixa de saldos O Grupo de Goberno entende que aquí se pecha o asunto ¿Que se vai a facer co sobranter? Pois hai cartos.

O PP fixo unha boa xestión deste tema e son os mesmos argumentos pero antes criticaba o PSOE e agora apoia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que como se expuxo é un trámite obrigado.

Sr. Fole, Vde. Foi Alcalde catro anos e agora eles levan dous, actualmente se conceden becas e axudas sociais, Vdes dicían non cando se pedían cartos polos colectivos.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que este tema o vai apoiar o PSOE. Entre 2007 e 2011 gobernaba o PSOE e o BNG no Concello.

- Intervén o Sr. Alcalde para indicar o seguinte:

- 1) Felicitar a Intervención e Tesourería polas alegacións realizadas ante a Xunta de Galicia.
- 2) Este tema é unha pelexa entre o PP do Estado e a Xunta de Galicia.
- 3) A resolución da Axencia de Turismo de Galicia é polos xuros entre 2006-2015 non afectan ao actual goberno.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2) e EU (Sr. Alves Lago) e dez abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación de data 24 de novembro de 2016 de aprobación inicial do expediente de modificación de saldos iniciais de obrigas pendentes de pago de exercicios pechados **Nº 02/MSI/2016**.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DE URBANISMO (DONA PAOLA MARÍA MOCHALES), FORMULADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU presentada coa data de 3 de abril de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN DE COMPARECENCIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, durante o desenrolo do último Pleno Municipal o 30 de marzo, dende o Goberno Local, e máis concretamente o Sr. Alcalde aseguraban que o motivo polo que non se puido avanzar no PXOM ata o de agora era pola imposibilidade xerada polo Convenio Urbanístico de LANTERO. Esta afirmación foi tan contundente, que chegou incluso a mencionar a petición realizada dende o anterior Grupo Municipal de Esquerda Unida mediante moción dirixida a Corporación na que se pedía, que a vista do conflito da Empresa LANTERO, se deixase sen efecto o compromiso recollido naquel Convenio.

Convenio, que ao noso entender perdeu toda validez, ao saberse que o texto firmado, non fora ratificado polo Pleno da corporación, a máis de que evidentemente non cumpría co recollido na Lei do solo de Galicia, nin ca redacción existente no momento da firma do convenio, nin ca actual.

O caso e que nos pasos previos a que sexa entregado o proxecto do PXOM, o sr Alcalde asegura que o freo a aprobación do PXOM era o Convenio de LANTERO, e agora amosase seguro de que os traballos para aprobar o PXOM de Vilagarcía van ser rematados por fin, logo de tantos anos. E lóxico pensar que atopouse unha solución ao Convenio de LANTERO e este xa non será un impedimento para que o PXOM sexa unha realidade.

E evidente que polas circunstancias, o caso do Convenio Urbanístico de LANTERO, acada unha importancia dado que motiva os retrasos do PXOM, e foi obxecto de debate neste Pleno Municipal a raíz do conflito xurdido en outubro do 2014. De feito existen acordos plenarios que cando menos limitan, ou condicionan, o devenir futuro dese convenio en relación a resolución dese conflito. En concreto, apróbanse por unanimidade dúas Mocións dos Grupos de E.U. e PsdeG-PSOE onde se adoptan os seguintes acordos:

A continuación apróbanse por unanimidade as Mocións presentadas polos Grupos Políticos Municipais de EU e PSdeG-PSOE, adoptándose en consecuencia os seguintes acordos:

1) Moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU:

- A corporación do Concello de Vilagarcía, manifesta a súa total oposición ós plans de redución de emprego e salarios de Lantero en Vilagarcía, e quere expresar o seu apoio a plantilla afectada.
- A corporación de Vilagarcía, comprométese a , tal como se acordou coa factoría no seu día, que calquera modificación acordo ou actuación urbanística sobre terreos propiedade da empresa



ou grupo de empresas, pasarán polo respecto escrupuloso do acordo de mantemento da totalidade da plantilla como propia.

2) Moción presentada polo Grupo Político Municipal de PSdeG-PSOE:

1º.- Manifestar o apoio do Pleno do Concello de Vilagarcía á demanda dos traballadores de manter as condicións laborais existentes antes da apertura desta situación de conflito, e ás accións e mobilizacións que se leven a cabo en defensa destes dereitos.

2º.- Constituír unha comisión municipal que atenda especificamente a este caso, conformada polos voceiros de todos os grupos políticos municipais.

3º.- Condicionar toda negociación sobre os terreos propiedade da empresa, e os convenios urbanísticos que lle afecten, a que as condicións laborais existentes na actualidade previa ao conflito se manteñan durante un período prolongado de tempo.

A vista dos acordos, e do resultado do Conflito, parece claro que calquera decisión que se tome con respecto a modificación, esta condicionada polos acordos adoptados, instados algúns deles polo Grupo Municipal socialista, agora mesmo Grupo de Goberno Municipal.

Por tanto o feito de que o Alcalde manifeste con rotundidade que o PXOM vaise presentar, será porque atopou solución, ou acadou acordo cos propietarios dos terreos da vella fábrica de Lantero.

Ademais a este grupo cónstalle da existencia de xuntanzas entre a Familia Lantero e o Goberno Municipal para abordar a situación urbanística na que se atopan eses terreos sitos en Rosalía de Castro número 70. Destas xuntanzas descoñécese si se está a ter en conta que a Familia Lantero incumpriu os compromisos adquiridos no convenio en desuso, que a solución ao conflito pasou por mermar as condicións de traballo existentes, e polo tanto as “vantaxosas” condicións daquel convenio deben terse por decaídas.

Creemos ademais, que máis alá de que calquera resultado con esa parcela irá incorporado ao PXOM, con carácter previo a entrega do mesmo, en un acto de desexada transparencia, o grupo de goberno debería manter unha información fluída con todo o que atinxe a este posible convenio Urbanístico, pois foi a totalidade da Corporación Municipal, en outubro do 2014, a que condicionou este procedemento.

Por todo iso, solicitamos á Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa que adopte os seguintes

ACORDOS:

1.- que a Concelleira delegada de Urbanismo, Dna. Paola María Mochales, e o Sr. Alcalde D. Alberto Varela Paz, comparezan ante o Pleno da corporación para informar sobre: A xuntanza ou xuntanzas ca Familia LANTERO; sobre as liñas nas que se esta a traballar no tocante a parcela da Vella Fábrica de Lantero, as modificacións con respecto ao anterior convenio Urbanístico, e a súa incidencia no actual PXOM, que esta preto de ser discutido.

En Vilagarcía de Arousa a 31 de marzo do 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción do grupo municipal de EU de solicitude de comparecencia da Concelleira Delegada de Urbanismo Dona Paola María Mochales .

- Intervén o Sr. López Rodríguez preguntando cal vai a ser a solución para a parcela de Lantero que parece está perfilada, pois houbo un conflito en vía laboral no seu día.



- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que reflexionan e deixan intervir agora na solicitude de comparecencia.
- O Sr. Alcalde di que serán convocados os voceiros a unha reunión do PXOM.
- Auséntase o Sr. Alves Lago da sesión plenaria.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: A aprobación da moción do grupo municipal de EU de solicitude de comparecencia da Concelleira Delegada de Urbanismo Dona Paola María Mochales, que será incluída na Orde o Día da próxima sesión plenaria, ao abeiro do disposto no Artigo 18 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa.

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU, EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 18 de abril de 2017, do teor literal seguinte:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno a presente moción
D. Jesús López Rodríguez, en calidade de portavoz do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Reforma Laboral de 2010 do Goberno de Zapatero que abaratóu e facilitou o despedimento para contentar a Bruxelas e a aínda máis virulenta reforma do Goberno de Rajoy do ano 2012 que trouxo como consecuencia altos niveis de paro, baixos salarios, precariedade laboral masiva e contratación abusiva, contribuíron decisivamente ao déficit da Seguridade Social: as cotizacións non cobren os gastos e o goberno recorreu de maneira sistemática a baleirar o denominado Fondo de Reserva das Pensiones.

A diminución dos ingresos por cotizacións é unha consecuencia lóxica da diminución de cotizacións polas altas taxas de desemprego, das maiores de Europa, e á baixa calidade dos que se crean. É obvio que a baixa calidade do emprego con salarios baixos produce baixas cotizacións. Outro factor que contribúe decisivamente a esta tendencia negativa é a alta taxa de temporalidade ligada principalmente ao sector servizos e a outros sectores como a agricultura que non se escapan a este tipo de contratación.

Á baixada de ingresos na Seguridade Social tamén contribuíron algunhas medidas do goberno en forma de “vantaxes” ao empresariado e aos emprendedores: bonificacións, tarifas planas, etc. Medidas que se venden politicamente como axudas á contratación e que tamén saen do “peto das pensiones”. Unhas medidas que se tomaban paradoxalmente á vez que se aprobaba unilateralmente a Lei 23/2013 Reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización das Pensiones, é dicir acordando que as pensiones podían subir menos que o IPC anual e facendo saltar polo aire o propio Pacto de Toledo.



O Fondo de Reserva das Pensións superaba os 66.000 millóns de euros en 2011 como consecuencia do superávit da Seguridade Social. Tratábase de asegurar unhas pensións dignas actualizadas con arranxo ao IPC anual e por outra banda de garantir uns Servizos Sociais de calidade, asegurando un Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia público e de calidade. Agora mesmo a realidade é que das 9.417.724 pensións, o 50% está por baixo do Salario Mínimo Interprofesional e o 70 % está por baixo dos 1.000 euros.

En 2.015 o déficit da Seguridade Social por cotizacións alcanzaba os 16.707 millóns de euros e o Fondo de Reserva das Pensións baixou dos 66.815 millóns en 2011 aos 15.915 millóns no 2016. Isto pon claramente en risco a calidade, a calidade e o futuro mesmo destas prestacións. Unha estratexia que conecta coa visión neoliberal das pensións como unhas prestacións que deben asegurarse os traballadores e traballadoras acudindo ás entidades privadas (bancos e aseguradoras) que ven niso un xigantesco negocio de futuro.

A solución pasa obviamente por corrixir esta situación aumentando os ingresos do sistema público de pensións establecendo novas fontes de financiamento e impedindo que o Goberno poida dispor arbitrariamente de cantidades do Fondo. E por suposto derogando unha reforma laboral que trae como consecuencia precariedade, desemprego e baixos salarios e por tanto baixada de ingresos por cotización.

Só coa creación de emprego estable e de calidade e abandonando o mantra de que o desenvolvemento e a saída da crise tense que basear en salarios de miseria será posible reconducir esta perigosa tendencia que pon en perigo o presente e o futuro das pensións. Demostrouse nos últimos anos que a recuperación económica non é posible cunha maioría social empobrecida e con baixos salarios que non consume e produce directamente máis desemprego e peche de empresas nun bucle dramático. Algo que comeza a recoñecer incluso o BCE.

Por todo iso o Grupo Municipal de Esquerda Unida presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes,

ACORDOS

1.- O Pleno Municipal de Vilagarcía insta o Parlamento e ao Goberno da Nación á derogación das dúas Reformas Laborais, as de 2010 e 2012, debido a que as súas consecuencias nefastas para a calidade do emprego pon en risco a sustentabilidade e o futuro das pensións.

2.- O Pleno Municipal solicita ao Goberno da Nación a derogación da Reforma das Pensións aprobada pola Lei 23/2013 Reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización das Pensións, co fin de seguir garantindo unha pensión digna que suba anualmente o mesmo que o IPC.

3.- O Pleno Municipal insta ao Goberno da Nación a establecer por lei que as pensións non poidan estar, en ningún caso, por baixo do Salario Mínimo Interprofesional. Propomos a revalorización da pensión mínima nos seguintes termos: a pensión de xubilación persoal ou con cónxuxe non a cargo será equivalente ao SMI anual, a pensión de xubilación con cónxuxe a cargo será equivalente ao 110% do SMI anual.

4.- O Pleno Municipal de Vilagarcía insta o Goberno da Nación a que se prohíba por lei a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situacións de déficit de cotizacións e a buscar vías de financiamento directas desde os Orzamentos Xerais do Estado mentres se siga producindo o déficit por cotizacións.

5.- Dar traslado desta Moción ao Goberno da Nación e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado

En Vilagarcía de Arousa a 17 abril do 2017

Asdo.

Jesús López

Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.



As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU en defensa do Sistema Público de Pensións.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que hai que xerar cotizacións de calidade, e dende esta Corporación se debe solicitar ao Goberno que non se vaia ao fondo de reserva para pagar as pensións.

Débense recuperar unhas pensións xustas.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que se tomaron medidas en contra da cidadanía durante os últimos anos. Vai votar a favor da moción.

Solicita que non se recorte en pensións, sanidade, educación. Pide substituír no texto da moción “Goberno da Nación” por “Goberno do Estado”.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que está de acordo coa solicitude de substitución.

Están de acordo coa moción de EU, non pode desprotexerse a maioría social.

- Intervén o Sr. Fole Díaz preguntando se non houbo crise. A crise económica derivouse dun problema globalizado e pola xestión do anterior goberno socialista. Ó existir desemprego se dirixe moito diñeiro aos desempregados. Hai 8.500.000 máis de pensionistas, isto non é malo, cada vez vaise a mellor, segundo o INE e organismos independentes.

O Fondo de Reserva se creou para un obxectivo e se aumenta cantos máis traballadores hai en activo.

Os resultados electorais están aí. Hai cousas que mellorar aínda e non se pode derrogar, senón modificar.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o Sr. Fole debería ser cauto. Os representantes do PP saquearon as Administracións Públicas e igual non había que ir ao fondo de pensións cun 40% de baixada na caixa de pensións. Non apoian a iniciativa, non a comparten en ningún aspecto. Un Goberno Socialista puxo o sistema público de pensións.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que rodas de muíño é ir coa metade da indemnización que corresponde para a casa. As pensións por debaixo do SMI. O Sr. Aznar ditou unha lei que toda España era construíble. Os salarios baixaron na crise pero as fortunas subiron. Primanse convenios colectivos de empresa por riba dos convenios do sector. O sistema anterior funcionaba, se pagaban as pensións e se aforraba.

Aínda así o PSOE non apoia unha moción de censura contra Rajoy.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que a rotura da banca Lehman Brothers xerou unha estafa.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que se reiteran na súa posición.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que se critica todo, pero aí están os datos. O anterior funcionaba, se dicía aquí, pero nun momento o PP pediu un préstamo para pagar as pensións. Grecia é outro exemplo para Vdes., pero Francia copia as medidas españolas. Oxalá se deixen de pagar débedas dos anteriores gobernos.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo ao Sr. Fole que mire os datos da EPA de hoxe, en Galicia incrementouse o paro.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que acepta a emenda de “Goberno do Estado”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1), oito abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSOE (8), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo municipal do PP (7)

ACÓRDASE: por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de de EU en defensa do Sistema Público de Pensións.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU PARA A ELABORACIÓN DUNHA CARTA DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 18 de abril de 2017, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno a presente moción

D. Jesús López Rodríguez, en calidade de portavoz do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA CARTA DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como obriga a Lei de Transparencia e Bo Goberno, publicada o 9 de decembro de 2013 e segundo, asimesmo, as recomendacións da ordenanza sobre Transparencia, Acceso á Información e Reutilización da FEMP, urximos ao Goberno Municipal de Vilagarcía a que cumpra á máxima brevidade as esixencias en canto a publicación de información relativa a información sobre cargos, empregos municipais, contratos, subvencións, perfís do contratante, información sobre servizos municipais, información medioambiental e o resto de epígrafes que se especifican pormenorizadamente nos anteriores textos legais.

En concreto mediante a presente moción solitamos que o pleno do Concello de Vilagarcía aprobe a publicación urxente dúas das informacións máis importantes para a cidadanía e que teñen un maior impacto no día a día dos veciños e veciñas da vila: as cartas de servizos municipais e toda a información relativa a contratación, previsión de contratación eventual e convocatorias de emprego público.

1. Oferta de emprego público

Tal e como se recolle la Lei de Transparencia e Bo Goberno, a través da web do concello deben facerse públicos e accesibles os seguintes datos relativos á contratación pública municipal:

- a) A oferta de emprego público ou outros instrumentos similares de xestión da provisión de necesidades de persoal.
- b) Os procesos de selección e provisión de postos de traballo.
- c) Número de postos de traballo reservados a persoal eventual.

2. Cartas de Servizos

As cartas de servizos son documentos públicos, a través dos cales o Concello fixa obxectivos e estándares de calidade que supoñen un compromiso fronte aos cidadáns. Por tanto, establece e comunica os servizos que ofrece e as condicións nos que os efectúa; as responsabilidades e



compromisos de prestalos cuns determinados parámetros de calidade; os dereitos da cidadanía e os usuarios e usuarias dos mesmos; as responsabilidades que, como contrapartida, contraen ao recibilos e os sistemas de participación establecidos, có obxectivo de garantir unha mellora continua dos servizos públicos.

O contido mínimo dunha Carta de Servizos soe estruturarse nos seguintes bloques:

Datos de carácter xeral e legal:

- Datos de identificación e fins do órgano e organismos.
- Principais servizos que presta.
- Dereitos concretos dos cidadáns e usuarios/as en relación cos servizos.
- Fórmulas de colaboración ou participación dos usuarios/as na mellora dos servizos.
- Relación sucinta e actualizada da normativa reguladora das principais prestacións e servizos.
- Acceso ao sistema de queixas e suxestións

Compromisos de calidade:

Niveis ou estándares de calidade que se ofrecen e en todo caso:

- Prazos previstos para a tramitación dos procedementos, así como, no seu caso, para a prestación dos servizos.
- Mecanismos de información e comunicación dispoñibles, xa sexa xeral personalizada.
- Horarios, lugares e canles de atención ao público.
- Medidas que aseguren a igualdade de xénero, que faciliten ao acceso ao servizo e que melloren as condicións da prestación.
- Sistemas normalizados de xestión de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais cos que, no seu caso, conte a organización.
- Indicadores utilizados para a avaliación da calidade e especificamente para o seguimento dos compromisos.
- Medidas de reparación en caso de incumprimento dos compromisos declarados, acordos co contido e réxime xurídico de prestación do servizo, con independencia do establecido nos artigos 139 a 144 da Lei 30/1992.

No caso de que se prevexan medidas de reparación de contido económico teranse en conta as directrices marcadas para ese efecto polos diferentes órganos da corporación local así como outros elementos recollidos na lei 30/1992.

Datos de carácter complementario:

Direccións telefónicas, telemáticas e postais de todas as oficinas onde se prestan cada un dos servizos.

Dirección postal, telefónica e telemática da unidade operativa responsable para todo o relacionado coa Carta de Servizos.

Outros datos de interese da organización

Por todo o anteriormente exposto, e considerando que a elaboración dunha Carta de Servizos no Concello de Vilagarcía pode significar unha mellora na calidade dos servizos que presta o noso concello e un claro beneficio para a cidadanía é polo que o Grupo Municipal de Esquerda Unida somete á consideración do pleno a aprobación dos seguintes,

ACORDOS

1- O Concello de Vilagarcía implantará antes de novembro de 2017 o denominado sistema de Cartas de Servizos, co obxectivo de difundir os compromisos de calidade das prestacións que ofrecen os distintos departamentos municipais, así como establecer o marco no que se van a desenrolar, a súa avaliación e mellora, acorde co principio do servizo á cidadanía.

2- O Concello de Vilagarcía publicará na web municipal nun prazo máximo de dous meses toda a información relativa á contratación pública relativa a 2017 e a previsión para 2018.

3- O Concello de Vilagarcía comprométese a cumprir na súa totalidade a Ley de Transparencia na máxima brevidade, mantendo coma obxectivo o segundo trimestre de 2018.

En Vilagarcía de Arousa a 17 abril do 2017

Asdo.

Jesús López

Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU para a elaboración dunha carta de servizos no Concello de Vilagarcía.

- Intervén a Sra. Mosquera Leal dicindo que se debe cumprir a Lei de Transparencia de 2013, e a instrución da FEMP. Quixeron poñer en valor a carta de servizos para que a veciñanza non teña dúbidas e segundo esa Lei sería poñer toda a información sobre emprego público e se teña en conta ás persoas cegas. Puxeron uns prazos razoables e por estes motivos pediron o apoio á moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que vai votar a favor, é unha medida importante a carta de servizos municipal e algo moi importante e beneficioso.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG está por que se cumpra e se adapten os Concellos a Lei de Transparencia, poñer información a dispor dos cidadáns, e que se adapte ás persoas con diversidade funcional.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP apoia a moción pola súa necesidade e entrar o Concello na administración electrónica para relacionarse a cidadanía co Concello por vía telemática. Se están dando pasos dende os Departamentos e a apoian.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o grupo de goberno apoia a iniciativa e están traballando neste tema. Van votar a favor.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

1- Implantar antes de novembro de 2017 o denominado sistema de Cartas de Servizos, co obxectivo de difundir os compromisos de calidade das prestacións que ofrecen os distintos departamentos municipais, así como establecer o marco no que se van a desenrolar, a súa avaliación e mellora, acorde co principio do servizo á cidadanía.

2- Publicar na web municipal nun prazo máximo de dous meses toda a información relativa á contratación pública relativa a 2017 e a previsión para 2018.

3- Comprometerse a cumprir na súa totalidade a Lei de Transparencia na máxima brevidade, mantendo coma obxectivo o segundo trimestre de 2018.

- Sendo as 18:45 horas incorpórase o Sr. Alves Lago de novo á sesión plenaria.

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE AMPLIACIÓN EDIFICIOS XULGADOS E CREACIÓN DO 4º XULGADO EN VILAGARCÍA DE AROUSA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I.

ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE coa data de 19 de abril de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: AMPLIACIÓN EDIFICIOS XULGADOS E CREACIÓN DO 4º XULGADO

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente en días pasados, os sindicatos veñen de denunciar a falta de espazo e as deficiencias no edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez máis denuncian a utilización dun garaxe e dos calabozos como arquivos, o que inhabilita os propios calabozos e ao mesmo tempo, non semellan as dependencias máis axeitadas para almacenar os milleiros de folios e probas xudiciais, que tiñan que estar custodiados e que se apilan de calquera xeito. Por outra banda o proceso de dixitalización e expurgo dos documentos, que solventaría esta situación, iniciado pola Xunta de Galicia non se está a desenvolver de xeito efectivo.

Esta situación de falta de espazo e mala organización nos documentos provoca unha menor efectividade do personal xudicial e, a isto, engádeselle que a nosa comarca é unha comarca cun alto índice de casos xudiciais o que está a xerar unha maior lentitude na Xustiza, sendo unha demanda histórica e absolutamente necesaria a creación do 4ª Xulgado en Vilagarcía de Arousa.

O edificio que alberga os xulgados de Vilagarcía precisa dunha ampliación urxente para albergar a creación do 4º Xulgado e para a habilitación dos espazos precisos para albergar tanto o arquivo coma os calabozos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza á ampliación do Edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado a ao Ministerio de Justicia á creación do 4ª Xulgado en Vilagarcía de Arousa.
- 3.- Instar a Xunta de Galicia a cumprir o Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, garantindo así absolutamente a seguridade no tratamento de todos os documentos.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 19 de abril de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE de ampliación edificios Xulgados e creación do 4º Xulgado.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que piden o apoio de tódolos grupos municipais. Na Comarca é necesario contar con ese servizo, polo que propoñen solicitar o cuarto Xulgado ao Ministerio e á Xunta de Galicia a ampliación do edificio.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que nas instalacións están persoas. A xustiza ten enriba o San Benito da súa lentitude e débese mellorar o edificio e o cuarto xulgado crearse, pois utilízanse os calabozos como arquivo.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG apoia a moción. É un problema histórico o dos Xulgados de Vilagarcía.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que isto é outro culebrón. O edificio non é práctico. Se acumulan os expedientes. O deseño non sae rendible. Apoian a moción.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que teñen dificultades os Xulgados en Vilagarcía. O cuarto Xulgado depende do Ministerio de Xustiza e as obras da Consellería. Se crean os xulgados en función das peticións de toda España e o número de casos que se tramitan ou carga de traballo. Iso o determina a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, os xuíces tamén deciden sobre isto.

O PP non está en contra da realidade, pero hai formulas para facer as peticións, con argumentos e formulan unhas emendas. Se se queren ampliar, no propio edificio pouco se pode actuar. O terreo de atrás non querían cedelo ó Ministerio de Facenda e queren vendelo. Ou poñer o Concello por exemplo os terreos para facer un Xulgado. Propón a seguinte EMENDA de substitución e adición:

1º) Unha vez confirmada a existencia do 4º Xulgado e a súa adxudicación a Vilagarcía Instar á Xunta de Galicia e á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza á ampliación do Edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa.

2.- Instar ao Goberno do Estado a ao Ministerio de Xusticia á creación do 4ª Xulgado en Vilagarcía de Arousa.

3.- Instar a Xunta de Galicia a cumprir o Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, garantindo así absolutamente a seguridade no tratamento de todos os documentos.

4º) Que o Concello de Vilagarcía poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos para un futuro edificio xudicial.

5º.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a necesidade de ampliar o edificio é urxente incluso sen o 4º Xulgado. Hai terreos de Axencia Tributaria e débense poñer para esta finalidade. Non asumen as emendas do PP.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)



ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza á ampliación do Edificio dos Xulgados de Vilagarcía de Arousa.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado a ao Ministerio de Justicia á creación do 4ª Xulgado en Vilagarcía de Arousa.
- 3.- Instar a Xunta de Galicia a cumprir o Plan de modernización para o expurgo e a dixitalización de documentos recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, garantindo así absolutamente a seguridade no tratamento de todos os documentos.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos voceiros parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.

12. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 24 de abril de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 19 de abril de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao superávit na liquidación orzamentaria municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais– un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exigencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da



sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa, propón ao pleno deste concello a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións lexislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

Vilagarcía de Arousa a, 19 de Abril de 2017.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao superavit dos concellos.

Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo municipal do PP:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta ao goberno de España a:

1. Que leve a cabo unha revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no eido da Unión Europea e tendo en conta criterios de estabilidade orzamentaria e de sostibilidade financeira das administracións públicas.

2.- Que constitúa un grupo de traballo con representantes do Ministerio de Facenda e Función Pública, as Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, no

que se realizará unha análise da regra de gasto contida na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para adaptala á regulación comunitaria. O resultado destes traballos será verificado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que velará por que sexa consistente coas mellores prácticas a nivel europeo, que sexa compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e que asegure a neutralidade do ciclo económico sobre a aplicación da regra.

- Intervén o Sr. Ríos González dando lectura á moción. Son medidas xustas e se poden levar adiante.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que hai que investir todo o que se teña en beneficio da cidadanía, se ao final do exercicio hai cartos non deben ir a pagar débedas.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que hai lexislación que obriga a pagar aos bancos. Os bancos non pagan aos Concellos os impostos sobre as vivendas que desafiúzan. Portugal apostou por outras prioridades, e Finlandia tamén. Representase ao pobo e aos/ás veciños/as dende as Institucións. Se opoñen ao pago á banca de inmediato co superavit. Debe reinvestirse na cidadanía.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que os que tiveron responsabilidade do goberno saben o que é isto. Cando gobernou o BNG no Concello non houbo superavit, houbo déficit, e non había orzamento. Para ter superavit se aprobaron leis de sostibilidade, no Plan E había nas obras obreiros portugueses. Co goberno do PP se pagaron a provedores e se mantiveron postos de traballo e para autónomos foi efectivo. Hai actualmente grupos de traballo entre o Ministerio, Comunidades Autónomas e FEMP para modificar o tema. Se non se acepta a emenda do PP, absteranse.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que este tema se trouxo a outro pleno polo PSOE. A Xunta de Galicia como non cumpre coas súas competencias, as fai o Concello como o ximnasio do Colexio de Rubiáns, o que non se utiliza ao final de ano debe reinvestirse. Este país sufriu un rescate á banca, ás entidades bancarias estaban dirixidas polos representantes do PP. Pide un pouco de respecto.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG non prioriza o superavit, preocúpalle atender as necesidades da cidadanía. En canto á emenda do PP non a aceptan.

- Auséntase o Sr. Alves Lago outra vez máis, da sesión plenaria.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trese votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.
2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación lexislativa:

a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.

b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.

3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.

4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións legislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.

- Incorporárase o Sr. Alves Lago de novo á sesión plenaria.

13. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

14. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose a seguinte moción polo Grupo Municipal do PSG-PSOE:

MOCIÓN: VILAGARCÍA DE AROUSA CIDADE LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A utilización e exhibición de animais vai en contra dos principios recollidos no Tratado Europeo de Amsterdam de 1977, a Lei 1/1993 de Protección de Animais de Galicia ou os acordos da Organización Mundial de Sanidade Animal.

A Lei 1/1993 de Protección de Animais da Comunidade Autónoma de Galicia prohibe o uso de animais en espectáculos se elo pode ocasionarlles danos, sufrimento ou facelos obxecto de tratamento antinatural.

O anteproxecto de Lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, aprobado no Consello da Xunta o pasado 31 de marzo de 2017, no seu artigo 9.L prohibe expresamente a utilización de animais silvestres nos circos.



Cada vez son máis administracións que están a adoitar este tipo de medidas para prohibir unha actividade en defensa dos Dereitos dos Animais.

A calidade de vida dos animais que se utilizan neste tipo de espectáculos é na meirante parte das ocasións moi pouco digna. Os espazos de descanso e custodia son mínimos para os animais ou ben permanecen todos os días atados, causándolles graves problemas de saúde. É unha práctica que supón unha condena a cadea perpetua e a traballos forzosos.

Os animais nos circos viven unha vida de dominación, confinamento e entreno violento. Os entrenadores usan en moitas ocasións métodos abusivos para entrenar aos animais e así dominalos pola forza para que executen espectáculos.

O seu cautiverio non contribúe nin aporta beneficio de ningunha clase á conservación das especies e ademais tampouco ofrece a educación medioambiental apropiada aos nenos, que son os principais destinatarios deste tipo de espectáculos, resultando incluso antipedagóxicos.

A Xunta de Goberno Local acordou na Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2015. Dende a adopción deste acordo en Vilagarcía instaláronse numerosos espectáculos circenses, cun notable éxito de asistencia e que non contaban con animais nos seus espectáculos. Aínda así, estamos asistindo ao desafío dalgúns promotores circenses de instalar circos con animais en Vilagarcía.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista e a petición de moitas entidades que traballan a prol dos Dereitos dos Animais e concretamente da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2015 e non autorizar en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa a instalación de circos ou outros espectáculos con animais.

2º.- Manifestar o compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa cos principios da Declaración Universal dos Dereitos dos Animais.

Vilagarcía de Arousa, 26 de abril de 2017.

Asdo: A Portavoz do Grupo Municipal Socialista.

- A Sra. García Sanmartín xustifica a urxencia e indica que un promotor de circo desafiou ao Goberno Local e instala un circo a pesar de estar denegada a autorización.

- O Sr. Fole Díaz di que non se pode admitir a moción pois, non está presentada en prazo:

- A Sra. Secretaria indica que se presentou o día 26 de abril ás 14:42 horas, polo que está en prazo.

-O Sr. Fole Díaz indica que a esa hora o rexistro de entrada estaba pechado. O Sr. Alcalde responde que os funcionarios traballan e recollen documentos despois das 14:30 horas.

Sometida a votación a declaración de urxencia da Moción citada da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1) e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría a declaración de urxencia da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de declaración de Vilagarcía de Arousa como Cidade libre de circos con animais.

A continuación se inicia o debate sobre a mesma.



- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o Sr. Fole non quere debater este tema. No goberno do PP se lle pediu esta declaración de cidade libre de circos de animais e non a adoptou. Un acordo do goberno local non se cumpre por un empresario. Estase ensinando maltrato aos rapaces. Non o van a permitir.

Piden o apoio da Corporación a este tema de non permitir circos con animais. Adiantar tamén que van a redactar unha Ordenanza que regule esa situación.

O Promotor conectou a electricidade a un edificio privado.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que vai votar a favor da moción e concorda co Grupo de Goberno e celebran a decisión da Xunta de Goberno Local e non se pode permitir intentos de burla.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG apoia a moción.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU apoia a moción e queren ir máis alá, e débese redactar unha Ordenanza pois o empresario cre que pode facer o espectáculo.

Di que queren unha Ordenanza de protección animalista. O circo instálase nunha propiedade privada, pódese poñer ou non o circo aí. Tamén se utiliza para os feirantes de San Roque esa mesma parcela.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os propietarios da parcela saben que o circo non está autorizado. E redactarase unha ordenanza de protección dos animais.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP está desconforme, sabe que non se pode rexistrar a moción a esa hora. Hai certas lagoas neste tema, non hai Ordenanza Municipal.

Quen evitou o debate no Pleno foi o PSOE que tomaron o acordo en Xunta de Goberno Local, en todo caso debe o Alcalde denunciar ao circo.

Vilagarcía é unha cidade sen lei, unha AA.VV. licitou unha cafetería dun centro cultural e o Alcalde pasa de largo. Os hostaleiros non cumpren a Ordenanza de terrazas. Na circulación non hai orde. Trae a moción tarde, mal e por detrás.

Tivo dous anos para facer unha ordenanza e non a fixo Sr. Alcalde. Ten denuncias do circo enriba da mesa. En función da licenza débese comprobar se cumpre ou non cumpre. ¿De quen é a responsabilidade?

Coincidindo co espírito da moción isto require unha ordenanza completa.

- O Sr. Alcalde di que todas as decisións que toma o goberno están avaladas polos Servizos Xurídicos Municipais.

Lle gustaría que apoiasen a moción se tiveran sensibilidade. As Asociacións animalistas abucheaban ao Sr. Fole e agoa apoian ao actual grupo de goberno.

Gandhi dicía: A grandeza dun pobo se mide polo respecto aos animais.

Na Xunta de Goberno Local no ano 2015 tomaron un acordo válido. Agora traen un respaldo simbólico, hoxe o Xulgado arquivou a denuncia contra o Alcalde, presentada polo Empresario do circo.

O Sr. Fole debería falar cos seus compañeiros de partido, pasou o mesmo en A Estrada, non tiñan licenza municipal. Se farán todas as medidas legais, administrativas e xudiciais, se esixirán medidas ao empresario e aos donos dos terreos.

A Xunta de Galicia intenta aprobar unha Lei nese senso. Dáse a oportunidade aos grupos que son sensibles neste tema.

Grazas á protectora de animais de Vilagarcía de Arousa que defenden aos animais.

Aceptan a emenda de que se amplíe cunha ordenanza.

Sometida a votación a Moción citada da o seguinte resultado:



VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Moción presentada polo grupo político municipal do PSOE e:
1º.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2015 e non autorizar en todo o termo municipal de Vilagarcía de Arousa a instalación de circos ou outros espectáculos con animais.

2º.- Manifestar o compromiso do Concello de Vilagarcía de Arousa cos principios da Declaración Universal dos Dereitos dos Animais.

3º Proceder á redacción dunha Ordenanza Municipal de protección aos animais.

15. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- A Sra. Cesar Veloso di que Tonucci recorre os Concellos da Provincia e pregunta se se fixeron xestións para que sexa Vilagarcía de Arousa unha desas cidades.

- O Sr. Alcalde di que o venres algún Concelleiro assistira as charlas da Deputación.

- O Sr. Alves Lago di que o Sr. Pérez Dorgambide debe cumprir as normas de circulación, pois aparca diante da Policía Local.

16. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.